



XORNADA

Faite Profesional de Tecnoloxías Informáticas na Arquitectura

Aitor Almaraz (Vigo,1992)

Formación: Estudante do Máster Universitario en Arquitectura, Universidade da Coruña

- Que representan as contornas dixitais de deseño paramétrico na arquitectura?

As contornas dixitais de deseño paramétrico convertéronse en ferramentas, sen . Xa non falamos de debuxos estáticos, senón de modelos establecidos a partir de relación espaciais, que poden cambiar facilmente ao variar un parámetro.

Isto non só implica unha maior velocidade á hora de realizar un deseño, tamén ofrece unha liberdade de deseño sen precedentes, xa que os propios arquitectos son os que escriben as súas ferramentas e se fixan os límites, podendo xerar xeometrías de calquera tipo moi facilmente.

Isto sen dúbida permite unha maior experimentación proxectual, e ademais a incorporación de diversos elementos -como as estruturas ou custos- desde as primeiras etapas do proxecto.

- Como se chega a ser experto nesta área?

Aínda que estas contornas se fixeron bastante populares debido a que permiten a produción de elementos cunha estética moi particular, o seu verdadeiro potencial non foi aínda recoñecido por moitos deseñadores.

Non se trata tanto de manexarse ben na contorna dixital -chámese Grasshopper, Dynamo, etc...- ou de saber como xerar xeometrías moi complexas. Na miña opinión, o verdadeiro traballo está en saber como se pode parametrizar un deseño; é dicir, como establecer descompoñer o noso deseño establecendo relacións entre os seus elementos para obter o resultado que se desexa. E isto non é tan fácil como semella.

Ademais, moitas veces este traballo empeza sobre o papel.



XORNADA

Faite Profesional de Tecnoloxías Informáticas na Arquitectura

- Que oportunidades de futuro representa?

O feito de que se poidan establecer relacións xeométricas en función duns parámetros representa unha clara vantaxe á hora de realizar cambios e optimizar un deseño.

En primeiro lugar, permite ter máis control sobre os proxectos, podendo reflexionar en profundidade sobre o deseño. Ademais, ao estar as xeometrías relacionadas, é posible levar a cabo optimizacións con moita rapidez. Isto pódese traducir en proxectos máis eficientes en todos os sentidos.

O seu coñecemento e manexo é cada vez máis demandado nos estudos de arquitectura. Deixaron de ser algo exclusivo de figuras especializadas, os “Computational Designers”, para ser empregadas por todos os arquitectos.

- Que consellos darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta especialización?

Aínda que aparentemente exista moita información dispoñible con respecto a estas contornas e ferramentas de deseño, é fundamental ser crítico e discriminar que é útil do que non o é.

É moi doado perderse entre a teoría aplicada á xeración de formas complexas; en cambio, existen moi poucas referencias con respecto á súa aplicación a casos prácticos.

As ferramentas de deseño xa non marcan os límites; é o propio deseñador o que os fixa.